



DATOS IDENTIFICATIVOS

O galego e a súa variación sociodialectal

Materia	O galego e a súa variación sociodialectal			
Código	V01G430V01303			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Costas González, Xosé Henrique			
Profesorado	Costas González, Xosé Henrique			
Correo-e	xcostas@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Estudo das variedades xeográficas (diatópicas) e sociais (diastráticas e diafásicas) da lingua galega.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código				
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.			
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.			
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.			
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
B3	Capacidade no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.			
B6	Capacidade de apreciar outras culturas e competencia para sensibilizar á contorna propia na apreciación da diversidade intercultural.			
B9	Posuír as habelencias de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando de xeito autónomo baseándose nos coñecementos adquiridos e no uso das novas tecnoloxías.			
C6	Saber crear, editar e expoñer textos orais ou escritos de distintos tipos e variedades que satisfagan as necesidades do público ao que están destinados e poder asesorar lingüisticamente na súa redacción a non especialistas.			
C7	Capacidade para aplicar os recursos dixitais á produción, corrección, edición e análise dos discursos tanto escritos como orais.			
C9	Coñecemento da historia, a variación e a situación sociolingüística da lingua galega/española que conleve a comprensión e o respecto polas diferenzas lingüísticas e culturais das distintas comunidades de falantes.			
C11	Capacidade para avaliar e habilidade para empregar ferramentas e recursos dixitais e presenciais para a procura e xestión de información no ámbito das linguas ou as literaturas do grao.			
C12	Coñecemento e comprensión da historia dos países das linguas do grao que axude a entender as diferenzas culturais e enmárqueas na súa devir histórico.			
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.			
D2	Capacidade para comunicarse por oral e por escrito en lingua galega.			

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Identificar as principais áreas geolectales do galego, con especial atención ás falas do galego exterior ás fronteiras administrativas	A1 A3	B6 B9	C6 C7 C9 C11	D1 D2
Asociar os fenómenos da variación geolectal aos coñecementos de diacronía do galego.	A1 A3	B3 B9	C6 C7 C9 C11	D1 D2
Analizar exemplos de gravacións orais e textos dialectales interpretándoos de acordo cos coñecementos adquiridos.	A1 A3	B3 B6 B9	C6 C7 C9 C11	D1 D2
Identificar e interpretar os principais rexistros e niveis do galego actual.	A1 A2 A3	B3 B6 B9	C6 C7 C9 C11	D1 D2
Recoñecer as novas categorizacións de falantes, desde a perspectiva da normalización e normativización do idioma galego.	A1 A2 A3	B6 B9	C6 C7 C9 C11 C12	D1 D2
Aproveitar o aprendido para aplicalo a outras disciplinas como a planificación lingüística, a didáctica da lingua, a rehabilitación onomástica, a linguaxe publicitaria etc.	A1 A2 A3 A5	B3 B6 B9	C6 C7 C9 C11 C12	D1 D2

Contidos

Tema	
1. Variación diatópica ou xeográfica	1.- Bloques e áreas lingüísticas do galego 1.1. Principais fenómenos dialectais 2.- O galego exterior
2. A situación sociolingüística antes de 1983	2. Tentativas de formación do galego culto 2.1. Lexislación lingüística 2.2. Normativas
3. A situación sociolingüística desde 1983	3. Lexislación lingüística 3.1. Ensino 3.2. Administración 3.3. Medios 3.4. Outros eidos
4. Variación diafásica e diastrática	4.1. O modelo de galego culto 4.2. Galego urbano vs. galego popular rural 4.3. Neofalantismo e refalantismo

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	16	41	57
Actividades introdutorias	4	0	4
Resolución de problemas	8	16	24
Lección maxistral	20	6	26
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	35	39

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Traballo tutelado	O/a alumno/a escollerá un aspecto do temario para facer un traballo obrigatorio que entregará a final de curso e, se quere, tamén un voluntario que deberá entregar a mediados de curso.
Actividades introdutorias	O primeiro día realizarase un percorrido explicativo polos eixes temáticos, metodoloxías e bibliografía da materia. Entregarase o cronograma. Os discentes coñecerán os temas sobre os que poderán realizar os traballos escritos de curso. Darase unha breve panorámica xeográfica (para a variación diatópica) e histórica contemporánea (para a variación diafásica).
Resolución de problemas	Actividade en que se formulan problemas e/ou exercicios ou comentarios relacionados cos contidos da materia. Serán complementarios á lección maxistral.

Lección maxistral O docente exporá os contidos da materia, bases teóricas relacionadas con elas, directrices, explicacións e comentarios para a realización de exercicios prácticos etc. Aconséllase levar ao día os contidos da materia.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	
Resolución de problemas	
Probas	Descrición
Exame de preguntas de desenvolvemento	

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	O/a alumno/a entregará a final de curso un traballo sobre algún aspecto do temario. Cada 15 días o alumno informará o profesor dos avances no traballo. Así mesmo, poderá entregar un traballo voluntario a maiores.	35	A1 A2 A3 A5	B3 B6 B9	C6 C7 C9 C11 C12	D1 D2
Resolución de problemas	Durante as aulas realizaranse numerosos exercicios de audicións e comentarios dialectais e diastráticos que se resolverán nas aulas e serán puntuados.	30	A1 A2 A3 A5	B3 B6 B9	C6 C7 C9 C11 C12	D1 D2
Exame de preguntas de desenvolvemento	O exame consistirá en dúas preguntas teóricas sobre o temario exposto na clase e dúas preguntas prácticas con resolución de exercicios semellantes aos vistos na clase.	35	A1 A2 A3 A5	B3 B6 B9	C6 C7 C9 C11 C12	D1 D2

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será mixta: continua por medio de exercicios e seguimento dos traballos, e única por medio dun exame final de toda a materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Álvarez Blanco, R.; Dubert García, F.; Sousa Fernández, X. (eds.), **Dialectoloxía e Léxico**, Consello da Cultura Galega, 2002

Álvarez Blanco, R.; Dubert García, F.; Sousa Fernández, X. (eds.), **Lingua e Territorio**, CCG, 2006

Costas González, X.H., **O valego. As falas de orixe galega do Val do Ellas**, Xerais, 2013

Costas González, X.H., **A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo Occidental, As Portelas e Calabor e Val do Ellas**, Real Academia Galega, 2011

Fernández Rei, F., **Dialectoloxía da Lingua Galega**, Xerais, 2003 (3ª)

Fernández Rei, F.; Álvarez Blanco, R.; González González, M., **Atlas Lingüístico Galego**, ILG-Barrié de la Maza, 1999--

Mariño Paz, R., **Historia da Lingua Galega**, Sotelo Blanco, 1999

Monteagudo Romero, H., **Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura.**, Galaxia, 1999

Rodríguez Guerra, A. (coord.), **Lingüística histórica e dialectoloxía**, Universidade de Vigo, 2016

Na aula íranse fornecendo outras referencias bibliográficas máis concretas para cada un dos temas.

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Galego estándar: Aplicacións profesionais no mundo dixital/V01G430V01704

Galego: Os sons da lingua/V01G430V01304